



**GEPN**

**PA** Arqueólogos S.L.

***BOIRO: 5.000 ANOS DE CAMBIO CLIMÁTICO E  
EXPLORACIÓN DO MEDIO NO MARCO DE  
AROUSA NORTE***

**ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA, LABORES DE  
RESTAURO E DE POSTA EN VALOR NO  
COMPLEXO DOS CASTROS DO NEIXÓN (BOIRO,  
A CORUÑA). CAMPAÑA 2013**

## **MEMORIA TÉCNICA**

Andrés Bonilla Rodríguez

Ramón Fábregas Valcarce

## ÍNDICE

1. Presentación
2. Situación, descrición e contexto cronocultural dos castros de Neixón
3. Traballos arqueolóxicos realizados na campaña de 2013
  - 3.1. Traballos de escavación arqueolóxica
  - 3.2. Traballos de consolidación de estruturas
  - 3.3. Traballos de posta en valor
  - 3.4. Metodoloxía do traballo de campo
    - 4.4.1. Traballos de escavación
    - 4.4.2. Traballos de consolidación e restauración
    - 4.4.3. Traballos de posta en valor
  - 3.5. Sistema de recollida de datos e documentación
    - 3.5.1. Documentación planimétrica
    - 3.5.2. Documentación fotográfica.
    - 3.5.3. Tratamento e estudo dos materiais mobles.
    - 3.5.4. Mostras para analíticas.
    - 3.5.5. Inventario e siglado dos materiais arqueolóxicos.
  - 3.6. Equipo de traballo e prazo de realización.
4. Resultados obtidos
  - 4.1. Sector 1
  - 4.2. Sector 2
  - 4.3. Consolidación e protección de estruturas
  - 4.4. Materiais arqueolóxicos
5. Tapado das zonas de escavación
6. Conclusións

### PLANOS:

1. Plano de situación
  2. Plano de emprazamento
  3. Plano de localización dos traballos
  4. Sectores de escavación
  5. Planta xeral do sector 2
  6. Perfil N ampliación do sector 2
  7. Perfil E ampliación do sector 2
  8. Perfil N correspondente ao parapeto do lado E
- CD contendo Memoria en formato pdf e Inventario de Materiais

# **ESCAVACIÓN ARQUEOLÓGICA, LABORES DE RESTAURO E DE POSTA EN VALOR NO COMPLEXO DOS CASTROS DO NEIXÓN (BOIRO, A CORUÑA). CAMPAÑA 2013**

## **MEMORIA TÉCNICA**

### **1. Presentación.**

A presente Memoria Técnica describe os traballos de escavación arqueolóxica, consolidación de estruturas e posta en valor realizados do 5 ao 23 de agosto de 2013 nos Castros de O Neixón (Boiro, A Coruña). O obxectivo destes traballos foi a continuación das escavacións realizadas no ano 2012 no interior do Castro Grande (Sector 2), a consolidación dalgunha das estruturas localizadas nesa campaña e, por último, o valeirado parcial dun tramo do foxo dianteiro do castro (Sector 1), contribuíndo a unha mellor caracterización do conxunto.

Estes traballos foron realizados en virtude do Acordo Marco asinado entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de traballos relacionados co patrimonio arqueolóxico municipal e, en concreto, para a execución dun campo de traballo de temática arqueolóxica en Neixón.

### **2. Situación, descrición e contexto cronocultural dos castros de Neixón.**

Os xacementos castreños de Neixón Grande e Neixón Pequeno localízanse na península do mesmo nome, situada entre a praia Lubrigo e a enseada de Taragoña, no litoral de Boiro. Trátase dunha zona que conserva un ámbito ecolóxico interesante con vistas privilexiadas sobre o tramo medio-interior da ría de Arousa. Os dous asentamentos, espacialmente moi próximos, foron escavados intensamente dende os anos vinte deste século conservando á vista parte das súas estruturas arquitectónicas orixinais (Neixón Pequeno), o que lles proporciona un gran potencial turístico e didáctico .

O Castro Grande localízase nun pequeno outeiro situado no centro da península e está composto por un recinto superior aterraplado defendido na súa zona N por unha sucesión de foxo e muralla, e un terraplén de menor altura no resto do seu perímetro, ao que seguen unha serie de aterraxamentos en dirección SURSUESTE, pechados ao N por unha prolongación da muralla, ata alcanzar a liña de costa. A gran cantidade de materiais de orixe romana recuperados nas escavacións ata a data practicadas neste xacemento suxire que viviu o seu momento de apoxeo no período inmediato ao cambio de Era (séculos I e II despois de Cristo), sendo abandonado en época Galaico-Romana.

O Castro Pequeno, emprazado no extremo da península, configúrase como un exemplo clásico dos denominados "castros costeiros". Posúe un único recinto rodeado polo mar en todo o seu perímetro, agás na zona de istmo onde se levanta unha muralla defensiva que pecha o acceso ao núcleo habitado. No seu interior localizáronse os restos dunha decena de vivendas, na súa maioría realizadas con muros de mampostería e planta redondeada. A diferenza do anterior, estivo habitado durante a primeira Idade do Ferro (séculos VI e V antes de Cristo). Ao termo deste período o asentamento foi abandonado, polo que se pode descartar que ambos os dous castros estivesen habitados ao mesmo tempo.



Vista aérea dos castros de Neixón

### **3. Traballos arqueolóxicos realizados na campaña de 2013<sup>1</sup>.**

#### **3.1. Traballos de escavación arqueolóxica.**

No ano 2013 interviuse na esquina norleste do recinto interno do Castro Grande (ver plano 3 da parte gráfica adxunta) mediante a ampliación hacia o N e o W da zona xa escavada nos anos 2011 e 2012 no denominado Sector 2, localizado no cuadrante NE do recinto interno do Castro Grande, mediante a apertura dunha superficie de 15 m de lonxitude en sentido E-W e 5 m de anchura cara o N.

As escavacións dos anos 2011 e 2012 evidenciaron nesta zona a existencia dunha área adicada a traballos de metalurxia, documentados na aparición dos restos de varios fornos e outras estruturas de combustión, xunto a restos de escoura.

Respecto á cronoloxía desta actividade metalúrxica, polo de agora a datación dun nivel de terra queimada (UE812) asociado á estrutura de combustión UE464, sinala o século I da nosa era como posible momento de remate desta actividade.

#### **3.2. Traballos de consolidación de estruturas.**

Consolidadas nos anos 2011 e 2012 varias estruturas significativas do Sector 2 do Castro Grande –os restos de dous fornos metalúrxicos e un fogar de grandes dimensións-, no ano 2013 continuouse cos traballos de consolidación preventiva nesta zona do castro, intervindo sobre varias estruturas e negativas descubertas na campaña do ano 2012.

#### **3.3. Traballos de posta en valor.**

Nesta campaña 2013 acometéronse traballos de posta en valor no ámbito do foxo dianteiro do Castro Grande (Sector 1), valeirando con medios mecánicos e baixo control arqueolóxico os depósitos superficiais que colmataban o tramo do foxo de 20 m de lonxitude existente entre os transeptos 1 e 2, escavados en anteriores

---

<sup>1</sup> Iniciados na campaña do ano 2011 diferentes traballos de prospección xeofísica, pretendíase a continuación dos mesmos no ano 2013. Pouco antes do inicio da campaña se nos informou da non posibilidade de contar cos técnicos da Universidade de Phoenix (Arizona, USA) encargados de desenvolver ditos traballos, motivo polo cal os mesmos non foron realizados.

campañas, ata alcanzar unha profundidade aproximada de 1,5 m respecto da cota superficial do foxo.

### **3.4. Metodoloxía.**

#### **3.4.1. Traballos de escavación.**

Dende o punto de vista técnico e metodolóxico, e tendo en conta o carácter e a natureza do xacemento arqueolóxico sobre o que se intervén, tiveronse en conta as seguintes condicións:

A escavación da superficie intervida no Sector 2 realizouse de xeito manual, empregando para este fin todos aqueles instrumentos habituais nunha escavación arqueolóxica en terra. A intervención avanzou en cada zona seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ata acadar o sustrato ou localizar restos de estruturas.

A metodoloxía aplicada seguiu o sistema de rexistro ideado por Harris<sup>2</sup>. Para a xestión e tratamento da información da intervención arqueolóxica utilizaronse os programas **Proleg MatrixBuilder (Id. Licencia 48725)** e **Proleg StratiGraf 6.0 Pro (Id. Licencia 152778)**, especialmente deseñados para iso. O rexistro e descrición dos niveis e estruturas arqueolóxicas realizouse mediante as fichas e a metodoloxía detallados nos distintos ANEXOS do proxecto de intervención.

Procedeuse á recollida dos obxectos mobles, individualizados por unidades estratigráficas, e documentáronse exhaustivamente os restos arqueolóxicos inmóviles aparecidos a nivel escrito e gráfico, tanto de plantas coma de seccións e/ou alzados. O sistema de rexistro permitiu o tratamento informático da información e unha xestión eficiente desta.

#### **3.4.2. Traballos de consolidación.**

A consolidación e restauración das estruturas realizouse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adicións miméticas. Todo o proceso de consolidación foi documentado fotográficamente, reflexando as diferencias entre o estado inicial e o final.

#### **3.4.3. Traballos de posta en valor.**

---

<sup>2</sup> Harris, E. C.: *Principios de estratigrafía arqueolóxica*, Barcelona, 1991.

O valeirado parcial con medios mecánicos do tramo do foxo dianteiro do Castro Grande localizado entre os transeptos escavados 1 e 2 realizouse con medios mecánicos (unha pala mixta) mediante a decapaxe controlada do terreo en pasadas sucesivas de 20-30 cms de grosor.

### **3.5. Sistema de recollida de datos e documentación.**

#### **3.5.1. Documentación planimétrica.**

Respecto á documentación planimétrica tiveronse en conta os seguintes aspectos :

Realizaronse os suficientes planos xerais que reflicten os resultados da intervención. Os planos de referencia utilizan o sistema de coordenadas UTM e incorporan o necesario número de indicadores de cotas dos elementos intervidos. Para as plantas xerais de intervención empregouse a escala 1:40. A escala base dos planos de detalle é de 1:20, reflexada en copia en papel a escala 1:40.

#### **3.5.2. Documentación fotográfica.**

Fotografiáronse todas as estruturas arqueolóxicas e unidades estratigráficas rexistradas no curso da intervención e fixéronse fotografías de detalle dos elementos máis representativos. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte dixital de alta resolución.

#### **3.5.3. Tratamento e estudo dos materiais mobles.**

En relación co tratamento dos materiais recuperados na actuación tiveronse en conta os seguintes aspectos:

Os obxectos foron individualizados por Unidades Estratigráficas en bolsas diferenciadas segundo o tamaño, material, fraxilidade, singularidade, etc.

Cada bolsa porta a súa identificación básica: nome do xacemento, sector ou área intervida e a Unidade Estratigráfica de orixe. O inventario de materiais realizarase de maneira informática, mediante o programa PROLEG xa citado.

#### **3.5.4. Mostras para analíticas.**

Realizouse a toma de mostras das terras que se consideraron oportunas para unha análise posterior que contribúa a determinar a configuración e natureza do depósito. No caso dos restos de carbóns, recolléronse mostras co obxectivo de obter datacións radiocarbónicas que permitan secuenciar cronoloxicamente os achados. A toma de mostras, o seu rexistro e tratamento realizouse mediante a ficha e a



metodoloxía detalladas nos ANEXOS 6 e 7 do proxecto de intervención. As mostras foron depositadas en embalaxes idóneas e identificadas externamente.

### **3.5.5. Inventario e siglado dos materiais arqueolóxicos.**

Procedeuse ao inventario da totalidade do material recuperado na actuación arqueolóxica. Cada unha das pezas e restos foron convenientemente sigladas. O siglado fíxose con tinta china sobre unha lenda de resina acrílica. Como sigla utilizouse o seguinte código: D-13/número de peza.

O inventario incorpora o número de código, a referencia estratigráfica de orixe e unha descrición detallada de cada peza.

### **3.6. Equipo de traballo e prazo de execución.**

Para a realización do proxecto dispúxose dun equipo formado polo seguinte persoal:

- Un investigador responsable: Ramón Fábregas Valcarce
- Un arqueólogo director: Andrés Bonilla Rodríguez
- Dous técnicos arqueólogos: Guillermo Santamaría Gámez e María José Alles León
- Unha arqueóloga e restauradora: Iria Sinde Vázquez
- 15 alumnos, proporcionados pola USC
- Como interlocutor válido por parte do Concello de Boiro: Víctor Barbeito Pose, técnico arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza,

A duración dos traballos arqueolóxicos foi de tres semanas, do 5 ao 23 de agosto de 2013, en réximen de media xornada.

## 4. Resultados obtidos.

### 4.1. Castro Grande. Sector 1.

Como xa se indicou no apartado 3.3, os traballos de posta en valor no ámbito do foxo dianteiro do Castro Grande (Sector 1) consistiron no valeirado con medios mecánicos e baixo control arqueolóxico dos depósitos superficiais que colmataban o tramo do foxo de 20 m de lonxitude existente entre os transeptos 1 e 2, ata alcanzar unha profundidade aproximada de 1,5 m respecto da cota superficial do foxo. Por motivos de seguridade aproveitouse, así mesmo, para encher de terra o transepto 2 do foxo, que permanecía parcialmente escavado e tapado con xeotextil.



Vista dende o W da zona de intervención antes dos traballos

A remoción de ditos niveis superficiais practicouse tanto no espazo dianteiro do foxo, cunha anchura de 5 m, como no propio foxo, que conta con unha anchura de 7 m.

As UE's afectadas por estes traballos, documentadas na escavación dos transeptos 1 e 2, foron as seguintes:

UE 1: Cuberta vexetal de 12 cm de potencia máxima. Cubre a UE302, UE309, UE310, UE303 e UE316. Cortada por UE 313 e UE311.

UE302: Escombreira contemporánea de 91 cm de potencia máxima. Baixo UE1. Cubría as UE316 e UE303.

UE305: Primer depósito de terra marrón con presenza de algunhas pedras, que colmata o foxo. Presenta unha potencia máxima de 2,30 m. Cubre a UE307 e UE317. Amosa material cerámico de época romana mixturado con material de época recente.



Vista dende o W e o E dos depósitos superficiais que cubrían o trazado do foxo dianteiro do Castro Grande e o seu espazo dianteiro



Decapaxe dos recheos superficiais no trazado do foxo



Vista dende o cumio da muralla do Castro Grande do estado final da zona inferior





Vistas dende o W e o E da topografía final acadada na zona do foxo dianteiro do Castro Grande

## 4.2. Castro Grande. Sector 2.

Os traballos nesta zona consistiron na apertura dunha superficie de 15 m de lonxitude en sentido E-W e 5 m de anchura cara o N, ampliando nesa dirección a zona escavada nos anos anteriores.



Vista dende o S da zona escavada no ano 2013. Estado inicial

As Unidades Estratigráficas documentadas foron as seguintes:

UE1: Depósito. Cuberta vexetal. Cubre a UE440 e UE847.

UE3: Substrato de xisto/transición oa substrato.

UE440: Primer botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e grao fino. Baixo UE1. Presenta material cerámico. Cubre as UE450 e UE3.

UE450: Segundo botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e grao fino. Baixo UE440. Presenta material cerámico. Cubre as UE834, UE843 e UE3.

UE488=UE834: Depósito/derrube de pedras de mediano tamaño e terra. Baixo UE450. Cubre a UE855 e UE856.

UE495: Depósito de terra de cor moi escuro. Baixo UE841. Cubre a UE842.

UE499: Depósito de terra de cor marrón. Baixo UE843. Cubre a UE841.

UE800: Restos do cadrante NE da cimentación dunha cabana de forma oval. Construída con bloques irregulares de xisto e granito e pedra miúda, conserva soamente a fiada base. Dimensións: 77 cm de anchura máxima e 65 cm de

altura máxima. Feita sobre a UE3, no seu extremo N utiliza a rocha do propio sustrato como elemento construtivo.

UE840: Transición ao sustrato. Equiparable á UE3. Baixo UE440 y UE450.

UE841: Pavimento de terra compactada e cor clara. Base do parapeto defensivo existente no cadrante NE do castro. Baixo UE843. Cubre a UE842.

UE842. Paleochan natural da zona. Baixo UE841. Cubre a UE3

UE843: Restos do parapeto defensivo existente no cadrante NE do castro. Composto de terra orgánica mixturada con pedras de esquisto e granito de pequeno e mediano tamaño. Baixo UE1. Cubre a UE841.

UE844: Recheo dunha foxa intervida parcialmente con anterioridade ao ano 2009. Composto por terra orgánica seleccionada e libre de pedras. Enche a negativa UE851. Contiña material cerámico.

UE847: Restos de derrube localizados na metade do perfil N da zona intervida no ano 2013. Composto por pedras de mediano tamaño. Baixo UE1. Cubre a UE440. 16 cm de potencia.

UE848: Foxa localizada baixo a UE841 (base do parapeto) e aberta no paleochan UE842. Escavada parcialmente, xa que continua baixo a UE841. Dimensións: 146 x 106 cm e 20 cm de profundidade na zona escavada. Rechea pola UE849. Baixo UE841. Corta a UE842. Contiña material cerámico.

UE849: Depósito homoxéneo composto por terra moi orgánica de cor marrón oscura. Baixo UE841. Rechea á negativa UE848. 20 cm de potencia.

UE850: Depósito de pedras de pequeno e mediano tamaño, de xisto fundamentalmente, localizado na esquina NW da ampliación. Baixo UE440. Cubre a UE3. Dimensións: 120 x 90 cm.

UE851: Restos parcialmente conservados dunha foxa localizada na esquina SE do sector intervido no ano 2012, nunha zona escavada con anterioridade ao ano 2009. Rechea pola UE844.

UE852: Lateral W da cimentación da cabana de planta oval UE800, feita con mampostería de xisto e granito. Conserva unha soa fiada, de 15 cm de altura e introdúcese no perfil S da ampliación. Dimensións: 210 cm de lonxitude e 65 cm de anchura. Feita sobre a UE3.

UE853: Pequena foxa de planta oval localizada ao E da estrutura UE852. Rechea de xabre. Dimensións: 35 x 12 cm e 22 cm de profundidade. Rechea pola UE 854. Cubre á UE450.

UE854: Recheo de xabre da UE853. Baixo a UE450.

UE855: Depósito de terra orgánica con pequenas pedras de xisto e seixo localizado baixo o derrube UE834, ao NE da estrutura UE800. Selado polo derrube UE834, rechea á UE860. Cubre á UE3.

UE856=UE855.

UE857: Restos dunha tumba de inhumación construída con laxes de esquisto. Mide 2 m de lonxitude e 50 cm de anchura. Conserva *in situ* o lateral N, formado por dúas pedras alongadas complementadas por outras de menor tamaño, así como as dúas pedras que pechan os pés e a cabeceira (ésta, de granito), amosando desprazado o seu lado S. Con orientación NE-SW, aparentemente estaría cuberta por pedras de menor tamaño, das que solo conserva as localizadas na metade W (UE858). Cuberta pola UE855, rechea á negativa UE860. Cortada pola negativa UE861 e rechea pola UE862.

UE858: Pedras de cuarcita de mediano tamaño (en torno a 25 x 20 cm) que selaban o interior da tumba UE857. Cortada pola UE861 e cuberta pola UE855, aséntase na dita UE857e no recheo desta (UE862).

UE859: Posible estrutura indeterminada formada por 4 bloques de xisto de mediano tamaño ( en torno a 25 x 25 cm). Localizada á carón da tumba UE857, posúe unhas dimensións de 110 cm de lonxitude e 45 cm de anchura. Podería formar parte da cuberta orixinal da inhumación. Cortada pola UE861, rechea á negativa 860.

UE860: Interfacie de destrución. Corte realizado no pavimento UE841 para asentar a tumba UE857. Recheo polo depósito UE855. Cuberto pola UE834.

UE861: Interfacie de destrución do nivel de inhumación documentado polo enterramento UE857. Recheo pola UE834. Corta ás UE860, UE858 e UE859.

UE862: Depósito de terra orgánica con pedras de pequeno tamaño que enche a tumba UE857. Contiña restos cerámicos. Recolleuse mostra para datación radiocarbónica. Cuberto pola Ue858, cubre á UE857.



UE863: Posibles restos dunha tumba non escavada, constituídos por tres pedras (dúas de esquisto e unha de granito, localizadas ao N da UE857. Cuberta pola Ue855, rechea á UE860.



Estratigrafía do perfil N da área escavada

No tercio W da zona de ampliación baixo a capa vexetal apareceu directamente o nivel de transición ao substrato, non documentándose ningún resto o indicio arqueolóxico, a excepción dunha acumulación de pedras (UE850) localizada na esquina NW. Asentada sobre dito nivel C, indica a existencia de posibles restos construtivos ao NW da zona escavada.



Vista xeral dende o E do tercio W da zona de escavación



Restos de derrube UE850

A ampliación da zona escavada cara ao N respecto a do ano 2012 supuxo a exhumación completa da estrutura UE800, documentada parcialmente na anterior campaña. Como resultado, descubríronse os restos incompletos da metade N da cimentación dunha cabana de planta oval e notables dimensións (a súa anchura máxima estímase en 6,30 m, e a lonxitude do seu eixo maior, orientado en sentido N-S, está todavía por determinar), cuxa continuación introdúcese no perfil S da escavación.



Vista dende o N dos restos da cabana constituída polas UE 800 e 852.



Vista dende o S dos restos da cabana constituída polas UE 800 e 852.



Vista da UE 852 e burato de poste UE853 asociado aos restos da cimentación

A descuberta desta estrutura completouse coa finalización dos traballos de escavación da zona de contacto existente entre dita UE800 e a UE 490 anexa. Interpretadas ambas unidades no ano 2012 como pertencentes ao esquinale dunha estrutura cuadrangular, os resultados do ano 2013 permiten modificar esta interpretación, documentando a non relación estrutural entre ambas UE's e evidenciando que a UE490, posterior estratigráficamente á cimentación da cabana, correspóndese cos restos dun forno, que atribuímos provisionalmente a época galaico romana en función da súa morfoloxía. Apoiado nesta estrutura atópanse os restos doutro forno (UE497), recoñecido como tal no ano 2012 e situable neste mesmo periodo, a xulgar pola aparición de restos de tégula entre os seus materiais construtivos.





Vista dos restos dos fornos UE490 e UE497



Evidencia da non relación estrutural entre a UE800 e a UE490

Ao NE da cabana, na esquina NE da superficie intervida conserváanse os restos dun pavimento de terra compactada de cor clara (UE841) que sinala o nivel de uso sobre o que se construíu o parapeto defensivo do lado leste do castro. A aparición de material latericio (tégula) entre os materiais do parapeto indica a súa cronoloxía

galaico romana, coincidindo cos resultados obtidos no estudo da muralla do lado N realizado no ano 2009, da que o parapeto é continuación.



Vista do pavimento UE841 sobre o que se construíu o parapeto defensivo do lado E do Castro Grande



Estratigrafía do corte existente no lado E do parapeto defensivo

Na metade E da zona de ampliación o pavimento UE481 aparece cortado por unha interfaz de destrución que se estende cara ao W e ao S (UE861). Escavada neste nivel apareceron los restos de unha tumba de laxes de 2 m de lonxitude e 90 cm de anchura (UE857), así como indicios de outra posible inhumación (UE863), polo de agora non escavada.



Vista da interfaz de destrucion UE861 cortando o pavimento UE841



Vista ortogonal da UE857



### 4.3. Consolidación e protección de estruturas<sup>3</sup>.

Na campaña deste ano 2013, continuáronse os traballos de conservación preventiva e consolidación das estruturas e negativas escavadas na campaña anterior do ano 2012 no Sector 2. Os traballos realizados foron, por un lado, a consolidación de urxencia das estruturas resultantes da campaña do 2012 e, por outro, a conservación preventiva sobre tódolos elementos da escavación do ano 2013.

As UE's sobre as que se traballou foron as seguintes:

En canto a estruturas:

- UE464, superficie rubefactada limitada ao W polos restos dun paramento de mampostería de granito e xisto (UE810), anexo a unha zona de terra queimada (UE812) datada radiocarbónicamente no 1930 ±30 BP, que unha vez calibrada correspondería ao intervalo 10-130 AD (Beta 334198). Cara ó S presentaba un paleochán a modo de superficie dianteira (UE 828), escavado nesta campaña.
- UE490, restos dun forno construído en mampostería de granito e xisto, orientado en sentido E-W e apoiado na UE800. Con 40 cm de altura conservada, aséntase sobre un nivel de derrube de 25 cm de potencia.
- UE497, restos do basamento dun forno de planta curva aberta ao SW. Construído en mampostería de xisto, conserva tres fiadas con unha altura de 25 cm e igual anchura, posuíndo unha anchura interna de 1 m. Aséntase sobre o mesmo nivel de derrubo que a UE490, na que se apoia.
- UE832, restos dun paramento de sillarejo a base de pedras de granito e esquisto. Apoiado sobre a UE 497.

En canto a negativas, buratos e solo:

- UE814, burato de poste con calzo (19x12 cm.).
- UE816, burato de poste (28x32 cm.) con tres calzos de pedra.
- UE818, negativa de forma oval (30x40 cm.) e 21 cm. de profundidade.
- UE820, burato de poste (20x8 cm.).
- UE823, burato de poste con calzos (25x25 cm.). No seu interior recolleuse un fragmento de escoura, posiblemente de ferro.

---

<sup>3</sup> A redacción deste apartado corresponde á restauradora do proxecto, Iria sinde Vázquez

## **Consolidación de estruturas. A consolidación de urxencia**

A estruturas a consolidar, na súa maioría, presentaban un mal estado de conservación ao tratarse de cimentacións de cachotería, con moita presenza de xisto sobre unha base compactada de terra na que aparecen restos de material cerámico e de construción de forma puntual. A perda do poder de compactidade da terra trala escavación e tralos posteriores procesos de reenterramento e desenterramento é evidente. O simple secado da terra vai propiciando a perda de material e o desprendemento dos cachotes.

O material pétreo empregado na construción das estruturas presenta un avanzado proceso de degradación. As pedras empregadas pertencen ao Complexo de Noia<sup>4</sup>, que é como se denomina en termos xeolóxicos á zona onde están situados os castros de Neixón. Estas rochas son de natureza granítica (de dúas micas e gran medio, con deformación de Fe<sub>2</sub> nas micas), de xisto micáceo (con predominio da moscovita sobre a biotita e con cores variadas, xeralmente grises máis ou menos intensos, e presentando niveis cuarcíticos dispostos paralelamente) e de paragneises (de cor escura, variando de gris a marrón, con textura planar, lineal ou masiva dependendo do tamaño de gran e composición; conteñen moscovita, plagioclasa, biotita e cuarzo).

Esta orixe indícanos os períodos de formación das rochas que nos permite saber o grao de meteorización que están a atinxir. A este factor de degradación intrínseco debemos engadir factores de carácter extrínseco como a alta presenza de sales ao que está exposto o xacemento (pola súa proximidade ao mar), a oscilación térmica, ou a intrusión de raíces da vexetación (plantas vasculares), como os de efecto negativo máis directo, así como outros de menor incidencia, tamén de orixe natural.

En canto ao factor antrópico, debemos ter en conta os cambios de uso do solo e os efectos producidos por actos vandálicos puntuais (documentados en anos anteriores).

As formas de degradación que presentan as estruturas son a falta de cohesión do material de compactidade. As estruturas carecen de material aglomerante entre os

---

<sup>4</sup> "Geología de España. SGE-IGME." Editado por J. A. Vera. (2004)



cachotes (a terra procede dun solo equilibrado, franco), producíndose, polo tanto, inestabilidade estrutural. En canto ás pedras que conforman as estruturas, presentan diferentes tipos de degradación en relación á súa propia natureza: o granito presenta un proceso moi avanzado de hidrólise de feldspatos, cunha alta arenización e caolinitización; os xistos pizarrosos un alto grao de exfoliación, con separacións a escala milimétrica; os gneis, aínda sendo similares ao granito, pero de estrutura bandeada e con grande presenza de cuarzo presentan diferentes graos de meteorización.

Tendo en conta os factores anteriores, e as formas de degradación das estruturas a consolidar, que presentaban un mal estado de conservación, considerouse realizar unha intervención de urxencia mediante a consolidación destas cimentacións.

Para este fin empregáronse os seguintes materiais:

- Cal Hidráulica.- Cal Hidráulica Natural pura (NHL 5 Normalizada).
- Árido.- Area lavada de río con granulometría variada (ata os 2mm).
- Pigmentos inorgánicos.- Pigmento mineral Siena Natural

*Preparación do morteiro en proporción 1:3 (cal/area):*

- 50 g de pigmento por cada 800 g de cal.
- Emprego de area fina e area de gran medio (2mm aprox.) tamén en proporción 1:3.

Proceso de traballo: para a consolidación de urxencia das estruturas pertencentes ás UE810, 490, 497 e 832, realizouse en primeiro lugar unha limpeza e desmontaxe, é dicir, o saneamento das estruturas de cimentación de forma que se retirasen aqueles elementos de debilidade de forma temporal para a súa posterior recolocación e substitución no caso de ser necesario.

Tras a limpeza superficial realizouse o asento e reposición dos cachotes movidos, de modo que se procedeu á montaxe da estrutura empregando o morteiro de cal e area con pigmento mineral. Desta forma substituíuse a terra empregada como elemento sustentador non orixinal. Non se efectuaron adicións de novas fiadas ou novos elementos.

A decisión de non realizar adición de fiadas de protección fundamentouse nas medidas adoptadas para a conservación preventiva do xacemento. Ao ser reenterradas as zonas escavadas e consolidadas non resulta necesaria a colocación de fiadas de protección, recomendadas en casos de estruturas expostas ao aire libre.

Tras o traballo de consolidación das cimentacións, procedeuse á limpeza final mediante o emprego de auga e cepillos de fíos plásticos e cepillos metálicos, para retirar os restos de cal diluída sobre a superficie das pedras e da terra.

### **Conservación preventiva.**

Para a conservación preventiva de todos os elementos continuouse co procedemento de anos anteriores. Unha vez terminadas as intervencións de urxencia dos elementos estruturais realizouse unha limpeza xeral de toda a zona de escavación da campaña anterior (2012).

Sobre as estruturas intervidas e sobre as zonas de negativas e buratos de poste colocouse xeotextil.

Nos espazos dos buratos (UE814, UE823, UE816 E UE818) e zonas de oco como as das estruturas das UE497 e UE490 colouse sobre o xeotextil unha capa de árido, de cara a cubrir os espazos e unificar a superficie.

Unha vez cubertos estes espazos, colocouse plástico sobre toda a superficie da escavación, tanto sobre as estruturas conservadas da anterior campaña como sobre a superficie da nova área escavada (Sector 2) na campaña deste ano 2013.

A cubrición final realizouse con terra procedente da zona escavada.



Vista dos restos das UE´s 490, 497 e 832 despois da limpeza previa a súa consolidación



Vista anterior dos restos das UE´s 490, 497 e 832 despois da súa consolidación



Vista posterior dos restos das UE's 490, 497 e 832 despois da súa consolidación



Vista dos restos das UE's 464 e 810 despois da limpeza previa a súa consolidación



Vista dos restos das UE's 464 e 810 despois da súa consolidación


#### 4.4. Materiais arqueolóxicos<sup>5</sup>.

##### 4.4.1. Materiales cerámicos.

### MATERIAL ARQUEOLÓXICO CERÁMICO CASTREXO

Recuperáronse 346 fragmentos cerámicos, dos cales 267 son de cerámica indíxena, unha cantidade superior á cerámica de importación, 79 fragmentos. Esta proporción entre os dous tipos de produtos é diferente á que se ven dando nas últimas campañas arqueolóxicas dende o 2009, así como na de 1976 (Rey 1983), nas que abundou máis o material de importación. Si é común o elevado grao de alteración que mostran os materiais (fragmentos de pequeno tamaño, alto índice de fragmentación e forte rodamento) e a representación de grupos formais e tipos cerámicos.

A maioría dos fragmentos recuperados corresponden a colos, panzas e fondos indeterminados, que non podemos atribuír a ningún grupo formal ou tipo cerámico. Documentouse tamén material de construción, dos que se siglou un fragmento de *imbrex* como exemplo (D-13/227).




Porcentaxes do material cerámico documentado na intervención do Castro Grande de Neixón 2013 (Total fragmentos:345)

A maioría dos fragmentos son partes da panza ou galbo das vasillas, seguido polos bordos, que nos permiten identificar vasillas e proponse cronoloxías.

---

<sup>5</sup> Estudo feito por Josefa Rey Castiñeiras e Alba Rodríguez, da USC e Guillermo Santamaría Gámez, de PyA Arqueólogos.



En termos de consumo, ademais da maior proporción de cerámica castrexa con respecto dos produtos importados, cabe sinalar o reducido número de vasillas rexistradas con respecto a outros xacementos castrexos, aínda que é un número similar ó das outras campañas arqueolóxicas de Neixón. Dos 267 fragmentos que teñen valor diagnóstico para a clasificación morfolóxica e decorativa, reconstrúense 256 vasillas máximo coas labores de pegado e 73 vasillas mínimo se consideramos os bordes como a representación do total. Esta cantidade afecta a aproximadamente 75 m<sup>2</sup> de escavación nesta campaña de 2013, con potencias de entre 10 e 70 cm<sup>2</sup> e para un período de 600 anos. Como comparación podemos sinalar que Castrovite consume 742 vasillas mínimo e 1027 máximo en 55 m<sup>2</sup> escavados para uns 800 anos. Se establecemos unha comparación co ano pasado, vemos que o número de vasillas mínimas foi menor nunha superficie maior; sen embargo, non podemos comparar o número de vasillas máximo, pois non coñecemos o número de fragmentos indeterminados para 2012. Con respecto ás vasillas consumidas que se documentaron na escavación de 2012: dos 73 fragmentos que tiñan valor diagnóstico reconstrúense 67 vasillas máximo coas labores de pegado e en 53 vasillas mínimo se consideramos os bordes como representación do total, para 159 m<sup>2</sup> de escavación con potencias entre 50 cm e 1,5 m<sup>2</sup> para un período de 600 anos.

	Nº Frag	NV+	NV-
Borde facetado	31	22	22
Borde redondeado	6	6	6
Borde recto	2	2	2
Borde retraído	2	2	2
Tipo Vigo	5	4	4
Tipo Cíes 1	8	8	8


Tipo Cíes 2	9	8	8
Tipo Cíes	3	3	3
Tipo Borneiro A	1	1	1
Tipo Recarea	2	2	2
Tipo Neixón Pequeno	3	2	2
Ola Toralla	1	1	1
Xerra Toralla	1	1	1
Fondo plano	9	9	9
Fondo con rebordo perimetral	2	2	2
Panzas con decoración plástica	8	8	
Panzas con decoración estampillada	5	5	
Panzas con decoración impresa	3	3	
Panzas con decoración incisa	5	5	
Panzas con decoración bruñida	1	1	
Colos	27	27	
Panzas	122	122	
Fondos	12	12	
Total	267	256	73

Número de vasillas para a intervención do Castro Grande de Neixón no 2013


Salvo tres fragmentos que corresponde a vasillas Neixón Pequeno (D-13/58, D-13/59 e D-13/135) que pola súa excepcionalidade podería ser considerado un elemento desprazado do seu posible contexto cronocultural orixinal, o Castro de Neixón Pequeno, ou en todo caso unha testemuña de uso esporádico do espazo do



Castro Grande durante a Fase Inicial, o resto das cerámicas castrexas atopadas indican unha ocupación castro grande durante o Ferro II e o cambio de era. Poderíamos ampliar esta cronoloxía segundo os produtos de importación, que suxiren un uso do espazo ata os séculos IV e V d.C e incluso máis alá.



Tipos cerámicos e grupos formais da campaña 2013. Debaixo podemos ver os tipos e número de vasillas atopados en outras campañas no Castro Grande de Neixón.



Tipos cerámicos e grupos formais da campaña 1976




Tipos cerámicos e grupos formais da campaña 2012

	Ferro I				Ferro II			Galaico romano					
	-VIII	-VII	-VI	-V	-IV	-III	-II	-I	I	II			
Cronoloxía Neixón Pequeno	●●●●●●●●●●												
V Toralla					●●●●●●								
V Cíes					●●●●●●								
V Singular Recarea					●●●●●●●●●●								
Borneiro A					●●●●●●●●●●								
V Vigo											●●●●●		
					-VIII	-VII	-VI	-V	-IV	-III	-II	-I	I







Cronoloxías tipolóxicas atribuídas ós tipos cerámicos castrexos datables atopados no Castro grande de Neixón na campaña 2013.

Ó igual que noutras campañas levadas a cabo no Castro Grande, consúmese unha proporción parecida de cerámica das Rías Baixas e da olería noroccidental.

El tamaño del círculo es sobre el total del material analizado.  
Las partes sobre los tipos cerámicos  
sin tener en cuenta los indeterminados.




**Distribución tipoloxías  
Mapa Tipos. Total**

-  300
-  Vasilha Cíes
-  Vasilha Cíes 1
-  Vasilha Cíes 2
-  Vasilha Cíes 3
-  Vasilha Toralla
-  Xerra Toralla
-  Ola Toralla
-  Singular Recarea
-  Tipo Vigo
-  Vasilha Borneiro A
-  Vasilha Borneiro B

Tradicións oleiras consumidas no Castro Grande de Neixón segundo os fragmentos atopados no 2013.

En canto á calidade dos contextos arqueolóxicos, todo indica que están fortemente alterados, como ocorría na campaña de 2012, desprovistos de significados funcionais claros e sen garantía de asimilacións cronolóxicas entre os materiais e as UEs.

Época	Tipo cerámico	UE							
		450	482	488	499	834	842	843	844
Ferro I	Cronoloxía Neixón Pequeno								X (3v)
Ferro II	Ola Toralla			X					
	Xerra Toralla						X		
	V Cíes	X (4 v)	X		X	X (4v)	X (5v)	X (3v)	
F. II/C.Era	V Singular Recarea	X			X				
	Borneiro A							X	
Cambio de era	V Vigo	X				X (2v)	X (2v)		



Se atendemos á cronoloxía tipolóxica vemos que a maioría das UEs terían unha cronoloxía de Ferro II- Cambio de Era, e que todas conteñen un porcentaxe maior de cerámica do Ferro II ca doutros períodos. Como vemos nos gráficos, a maioría das UEs parecen estar revoltas, sen embargo, podemos facer algunhas puntualizacións.

A UE 844 concentra todo o material tipoloxica e tecnoloxicamente antigo (cinco fragmentos de fondos con rebordo perimetral e bordos con cronoloxía de Neixón Pequeno). Incluso algúns fragmentos que adscribimos ó Ferro II teñen aparencia arcaica e poderían estar na transición Ferro I- Ferro II (por exemplo algunhas panzas de aparencia arcaica ou unha decoración en zig-zag- D-13/142). Outros materiais, como os de cambio de era ou unha decoración en punta de diamante (D-13/1) serían incursións posteriores dunha fosa feita no cambio de era sobre niveis do Ferro I).

En xeral, o resto das UEs presentan unha mestura de materiais do Ferro II-Cambio de era. É destacable que só as UEs 450 e 482 conteñan materiais da Baixo romanidade.

Se atendemos á concentración de materiais, as UEs 450 e 482 teñen a maior parte dos materiais (ambos do Ferro II, Cambio de era e Baixo romanidade) con case 70 fragmentos cada unha. Destacan pola escasa cantidade de materiais que conteñen as UEs 490, 496, 497, 849 e 862.

O tamaño dos fragmentos e que case todos representan un único elemento formal e unha proporción minúscula do seu perímetro redundan na idea dun contexto alterado e revoltado. As escasas opcións de pegado (nunca máis de dous fragmentos) sinalan roturas que non son *in situ* dentro dunha mesma UE ou entre UEs próximas. Non son vertidos orixinais de lixo, senón que máis ben sinalan desprazamentos maiores posteriores. Os únicos fragmentos que pegan en UEs diferentes (D-13/39 e D-13/127) fano en estratos sen relación.

Siglas	UEs					
	450	495	499	834	842	844
<b>D-13/32 e 44</b>			X/X			
<b>D-13/37 e 41</b>	X/X					
<b>D-13/39 e 127</b>		X	X			
<b>D-13/47 e 49</b>			X/X			
<b>D-13/81 e 91</b>					X/X	
<b>D-13/38 e 101</b>	X/X					
<b>D-13/40 e 272</b>			X/X			
<b>D-13/74 e 83</b>					X/X	

D-13/58 e 135						X/X
D-13/4 e 5				X/X		
D-13/50 e 52			X/X			

No presente catálogo de pezas, describimos aqueles fragmentos que, por pertencer á unha determinada parte do recipiente (bordes, asas, fondos...) ou por estar decoradas entre outras características, teñen un valor diagnóstico útil para unha atribución cronolóxica.





## TIPOS CERÁMICOS DO FERRO I

### 1.1. Bordos redondeados cronoloxía Neixón Pequeno

Fragmentos: 3

Vasillas: 2

Ten un beizo redondeado que presenta unha acanaladura ancha e redondeada, que vai horizontal no ombreiro. Son típicas da Fase Inicial ou Ferro I.

<p>D-13/58 e D-13/135</p>		
<p>D-13/59</p>		

Atopáronse tres fragmentos de bordos redondeados de cronoloxía Neixón Pequeno, todos na UE 844.

UE	CANTIDADE	SIGLAS
844	3	D-13/58
		D-13/59
		D-13/135

## 2. TIPOS CERÁMICOS DA FASE MEDIA: TRADICIÓN RÍAS BAIXAS

### 2.1. *Vasilla Tipo Cíes 1*

Fragmentos: 8

Vasillas:8

#### Forma

**Labio.** Ensanchado de sección trapezoidal cun borde rematado nun plano vertical

**Colo.** Flexionado bastante estrangulado e de corto ou mediano desenrolo.

**Diámetros boca:** entre 21 e 40 cm.













#### Decoración:

Non hai decoración no tramo coñecido do borde.





#### Manufactura

**Modelado.** Son de paredes regulares e finas en relación co tamaño das vasillas.

**Acabado.** D-13/42 e D-13/76 presentan acanaladuras no labio. D-13/69 presenta un espatulado vertical no exterior.

<p>D-13/28</p>		
<p>D-13/29</p>		
<p>D-13/42</p>		
<p>D-13/60</p>		
<p>D-13/65</p>		
<p>D-13/69</p>		



D-13/76		
D-13/89		

Atopáronse 8 fragmentos de vasillas tipo Cíes 1, repartidos entre diversas UEs, cunha maior concentración nas UEs 450 e 843.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	3	D-13/28
		D-13/29
		D-13/89
834	1	D-13/69
842	1	D-13/76
843	3	D-13/42
		D-13/60
		D-13/65

## 2.2. Tipo Cíes 2

Fragmentos: 9

Vasillas:8

### Forma

**Labio.** Ensanchado de sección trapezoidal cun borde rematado nunha forma amendoada.

**Colo.** Flexionado bastante estrangulado e de corto ou mediano desenrolo.

**Diámetros boca:** entre 21 e 40 cm.





### Decoración:











Non hai decoración no tramo coñecido do borde.

### Manufactura

**Modelado.** Son de paredes regulares e finas en relación co tamaño das vasillas.

**Acabado.** D-13/74 e D-13/124 presentan un espatulado vertical.

D-13/26		
D-13/63		


D-13/68		
D-13/74 e D-13/83		
D-13/77		
D-13/82		
D-13/92		
D-13/124		


Atopáronse 9 fragmentos do tipo Cíes 2 dispersas en diversas UEs, pero cunha relativa concentración nas UEs 842 e 843.

UE	CANTIDADE	SIGLA
482	1	D-13/26
499	1	D-13/124
834	1	D-13/92
842	4	D-13/74
		D-13/77
		D-13/82
		D-13/83
843	2	D-13/63
		D-13/68

### 2.3. Tipo Cíes


Atopáronse tres fragmentos de vasillas Tipo Cíes que non se poden asignar a ningún subtipo. D-13/18 presenta dous cordóns plásticos; mentres D-13/70 presenta só un coma D-13/95.





Dos tres fragmentos atopados, dous estaban na UE 834.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	1	D-13/95
834	2	D-13/18
		D-13/70



Mapa de distribución das vasillas Cies.

#### 2.4. Xerra Toralla

Fragmentos: 1


Vasillas:1

##### Asa

Sección grossa pentagonal dividida a metade por un forte surco. É vertical do borde ó ombro, que pola súa curvatura supoñemos dunha xerra, con cabida para toda a palma da man.

##### Manufactura

**Acabado:** o fragmento de asa atopado presenta un acanalado profundo.



O fragmento de asa de vasilla Toralla atopouse na UE 842.


UE	CANTIDADE	SIGLA
842	1	D-13/73

### 2.5. Ola Toralla

Fragmentos:1

Vasillas:1


Trátase dun recipiente con perfil suave en “S”, beizo lixeiramente estrangulado, bordo redondeado, colo curto suavemente flexionado, co punto de máxima estrangulación na parte media, de panza globular con forma esférica. Ten fondo plano e dúas asas enfrontadas, de variada sección -cilíndrica, lobular, ovalada, pentagonal ou de cinta- e de orificio reducido. As asas levan profundos surcos lonxitudinais de un a tres.



O fragmento atopouse na UE 488.

UE	CANTIDADE	SIGLA
<b>488</b>	1	D-13/30





Mapa de distribución das vasillas Toralla.

### 3. TIPOS CERÁMICOS DA FASE FINA: RÍAS BAIXAS

#### 3.1. Vasilla tipo Vigo

Fragmentos:5

Vasillas: 4

#### Forma

**Labio:** Trátase dunha vasilla globular sen colo e cun grosor reforzo en forma de baquetón cara ó exterior. Ten proxección en pico cara o interior; inclinada en embudo, coa superficie plana ou cun resalte escalonado no perímetro máis exterior, o que pode asomar en forma de cornisa por riba da baqueta.









**Corpo:** Conserva o arranque superior do seu corpo globular unha vasilla D-13/4.

**Diámetros boca:** entre 18 e 20 cm.

**Decoración:** Catro fragmentos os sucos verticais característicos de este tipo de vasillas e D-13/4 e D-13/5 presentan decoración plástica con motivos semiesféricos.

**Manufactura:** Todos os trazos das vasillas indican unha tecnoloxía complexa e artesanal especializada.


**Acabado:** Superficies ben coidadas, cando se conservan, sobre todo na cara interior da boca. D-13/23 presenta incisións formando motivos triangulares no beizo.

<p>D-13/4 e D-13/5</p>		
<p>D-13/15</p>		
<p>D-13/19</p>		
<p>D-13/23</p>		



Atopáronse cinco fragmentos de vasillas tipo Vigo, dous na UE 842 e dous na UE 834.

UE	CANTIDADE	SIGLA
834	2	D-13/4
		D-13/5
450	1	D-13/15
842	2	D-13/19
		D-13/23



Mapa de distribución das vasillas Vigo.

#### 4. TIPOS CERÁMICOS DA FASE MEDIA-FINAL: OLERÍA NOROCCIDENTAL

##### 4.1. *Vasilla Tipo Borneiro A*

Fragmentos: 1


Vasillas:1

Forma: labio con dobre reborde que define un plano horizontal na súa cara superior, o arranque dun colo en embudo e a amplitude da curvatura do seu perímetro por tratarse de grandes vasillas.



O único fragmento de vasilla Borneiro A apareceu na UE 843.

UE	CANTIDADE	SIGLA
843	1	D-13/62



Mapa de distribución das vasillas tipo Borneiro A





#### 4.2. *Vasilla Singular Recarea*

Fragmentos: 2

Vasillas:2


**Forma:** Caracterízase por un fondo recortado na metade do perímetro por un borde transversal forma parte dunha serie de fragmentos difíciles de clasificar polos seus riscos particulares.

**Manufactura:** Conserva indicios dun alisado vertical no arranque da panza e transversal no plano de apoio do fondo como podemos ver en D-13/36. Ten rebabas arredor do borde que vai transversal o perímetro e marcas de unha finiña rotura na liña exterior deste borde, preto do seu arranque.

D-13/36		
D-13/48		

Os dous fragmentos atopados correspondentes á vasilla Singular Recarea estaban en UEs diferentes.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	1	D-13/36
499	1	D-13/48



Mapa de distribución das vasillas Tipo Recarea.

## 5. GRUPOS FORMAIS SEN ATRIBUCIÓN OLEIRAS











### 5.1. *Vasillas con beizo redondeado*


Fragmentos: 6

Vasillas: 6

Forma: beizo definido por unha lixeira inclinación exvasada e ás veces por un lixeiro engrosamento redondeado de sección ovalada.



<p>D-13/56</p>		
<p>D-13/78</p>		
<p>D-13/79</p>		
<p>D-13/80</p>		
<p>D-13/195</p>		



Os fragmentos de beizo redondeado concéntrase na UE 842.

UE	CANTIDADE	SIGLA
834	1	D-13/251
842	3	D-13/78
		D-13/79
		D-13/80
843	1	D-13/195
844	1	D-13/844













## 5.2. Vasillas con labio facetado









Fragmentos: 31










Vasillas: 22

Forma: son o grupo predominante, como ocorría cos materiais cerámicos castrexos de Neixón 2012. Non presentan decoración.

Acabado: as vasillas de diámetros grandes teñen o interior da boca moito mellor suavizada.

<p>D-13/25</p>		
<p>D-13/32 e D-13/44</p>		
<p>D-13/33</p>		
<p>D-13/34</p>		
<p>D-13/35</p>		
<p>D-13/37 e D-13/41</p>		

<p>D-13/39 e D-13/127</p>		
<p>D-13/43</p>		
<p>D-13/45</p>		
<p>D-13/47 e D-13/49</p>		
<p>D-13/50 e D-13/52</p>		
<p>D-13/51</p>		
<p>D-13/53</p>		

<p>D-13/64</p>		
<p>D-13/66</p>		
<p>D-13/67</p>		
<p>D-13/71</p>		
<p>D-13/81 e D-13/91</p>		
<p>D-13/101 e D-13/38</p>		

D-13/272 e D-13/40		
-----------------------	--	--

Os 29 fragmentos asociados parecen concentrarse en determinadas UEs.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	7	D-13/33
		D-13/34
		D-13/35
		D-13/37
		D-13/38
		D-13/41
		D-13/101
482	1	D-13/25
495	1	D-13/127
499	13	D-13/32
		D-13/39
		D-13/40
		D-13/43
		D-13/44
		D-13/45
		D-13/47
		D-13/49
		D-13/50
		D-13/51

		D-13/52
		D-13/53
		D-13/272
842	4	D-13/71
		D-13/72
		D-13/81
		D-13/91
843	3	D-13/64
		D-13/66
		D-13/67


### 5.3. Vasillas con labio recto

Fragmentos: 2


Vasillas:2

Forma: é un labio recto simple difícil de orientar nun plano, que en principio corresponde a un colo de escasa altura si consideramos que a rotura lisa e plana da parte inferior indica o arranque da panza.

Acabado: D-13/142 presenta un espatulado vertical na superficie exterior.







Os fragmentos de borde recto atópanse ambos na UE 844.


UE	CANTIDADE	SIGLA
844	2	D-13/142
		D-13/234

#### 5.4. Vasillas de bordo retraído

Fragmentos:2

Vasillas:2

Temos dous fragmentos de vasilla de bordo retraído: D-13/122 e D-13/61, que presenta dúas acanaladuras.



Os fragmentos de vasilla de bordo retraído atópanse en diferentes UEs.







UE	CANTIDADE	SIGLA
499	1	D-13/61
843	1	D-13/122













### 5.5. Fondos planos

Fragmentos: 9

Vasillas:9

Son todos fondo planos de transición en aresta no exterior e achantada no interior ou cun lixeiro cóbado. D-13/93 e D-13/259 presentan concrecións.

D-13/27		
D-13/75		
D-13/88		




D-13/90		
D-13/93		
D-13/118		
D-13/160		
D-13/222		
D-13/259		

Os fondos planos atópanse preferentemente na UE 842.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	2	D-13/27
		D-13/88
499	1	D-13/259
842	4	D-13/75
		D-13/90
		D-13/93
		D-13/160
855	1	D-13/222
856	1	D-13/118

#### 5.6. *Fondos con rebordo perimetral*

Son fondos de factura tosca cun reborde na súa parte inferior que parece corresponder a un xesto técnico.

D-13/54		
D-13/143		

Os dous fragmentos atopáronse na UE 844.


UE	CANTIDADE	SIGLA
844	2	D-13/54
		D-13/143


### 5.7. Panzas decoradas con incisións

Fragmentos: 5

Vasillas: 5

Temos cinco fragmentos con decoración incisa. D-13/2 presenta un acanalado ancho e zig-zag; D-13/3, un zig-zag en de surcos finos; D-13/10, dúas aspas na parte superior, un acanalado fino e “dous espigados” abaixo; D-13/55, dúas acanaladuras e zig-zag baixo ela; D-13/57, dúas acanaladuras e zig-zag con surcos anchos.





Dos fragmentos atopados dous atópanse na UE 499 e na 844.









UE	CANTIDADE	SIGLA
499	2	D-13/2
		D-13/3
842	1	D-13/10
844	2	D-13/55
		D-13/57

5.8. *Panzas con decoración estampillada*


Fragmentos: 5

Vasillas: 5

Dos cinco fragmentos atopados D-13/7 ten catro acanalados enmarcando un motivo en “sss” estampillada; D-13/9, unha “sss” e catro acanaladuras; D-13/11 presenta motivos circulares entre dúas acanaladuras; D-13/14, “sss” na parte superior, catro acanaladuras centrais e “sss” estampilladas debaixo das acanaladuras; D-13/16, “sss” estampillada e unha acanaladura.

D-13/7		
D-13/9		
D-13/11		
D-13/14		







Os fragmentos atópanse dispersos por diversas UEs, aínda que dous están na 450.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	2	D-13/14
		D-13/16
499	1	D-13/7
842	1	D-13/11
843	1	D-13/9

### 5.9. *Panzas con decoración impresa*

Atopáronse 3 fragmentos con decoración impresa, dúas das cales presentan impresión de peite (D-13/8 e D-13/21) e unha con ungulacións (D-13/6).





Os tres fragmentos atopados distribúense por diversas UEs.


UE	CANTIDADE	SIGLA
440	1	D-13/6
842	1	D-13/21
843	1	D-13/8













#### 5.10. Panzas con decoración plástica


Fragmentos: 8

Vasillas:8

Documéntanse 8 fragmentos con decoración plástica non asociados a ningún tipo concreto. Os motivos varían: dous teñen mamelóns (D-13/13 e d-13/17), tres puntas de diamante (D-13/1, D-13/22, D-24), dous cordóns incisos (D-13/20 e D-13/225) e un ten un baquetón (D-13/12).



<p>D-13/12</p>		
<p>D-13/13</p>		
<p>D-13/17</p>		
<p>D-13/20</p>		
<p>D-13/22</p>		
<p>D-13/24</p>		



As panzas decoradas localízanse preferentemente na UE 842.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	1	D-13/17
497	1	D-13/225
842	3	D-13/20
		D-13/22
		D-13/24
844	1	D-13/1
855	2	D-13/12
		D-13/13

### 5.11. Panzas con decoración bruñida

Fragmentos:1

Vasillas:1

Só temos un fragmento (D-13/347) que presenta un bruñido formando un motivo en retícula. Atopouse na UE 862.

UE	CANTIDADE	SIGLA
862	1	D-13/347


# CERÁMICA DE IMPORTACIÓN

## 1. Terra sigillata hispánica tardía

A *terra sigillata* caracterízase por lucir un recubrimento de engobe de tonalidade e calidade variables e presentando en ocasións decoración. A denominación deriva do feito de que certos exemplares das producións altoimperiais teñen un *sigillum*, selo ou marca de oleiro, sobre o interior da base. A especie *terra sigillata* engloba diferentes producións atendendo ó ámbito xeográfico no cal foron fabricadas, vinculadas a uns contextos cronolóxicos definidos con maior ou menor precisión. A *terra sigillata hispánica* (TSH) foi producida en territorio hispano e documéntase na cidade de Lugo cara mediados do século I d. C., competindo coa *terra sigillata gálica* (TSG), á que acabará por desprazar do mercado local a partir do ano 80 d. C. As formas hispánicas documentadas no ámbito galego reflicten boa parte do repertorio formal producido nos alfares do norte peninsular, procedendo do complexo oleiro localizado no Val do Ebro, *Tritium Magallum*.

Avanzado o século IV xurde unha nova produción que copará o mercado da cidade de Lugo ata a primeira metade da V centuria e que en liñas xerais deixará de fabricarse cara ó primeiro cuarto do século VI. Trátase da *Terra Sigillata* Hispánica Tardía (TSHT). Esta produción que aúna a revitalización de antigos talleres e a creación de outros novos, recorre a innovadoras técnicas de produción sen romper a tradición formal e decorativa anterior. O anaco de bordo atopado en Neixón (D-13/223) podería corresponderse coas formas 4.8 ou 6.8 da tipoloxía de Paz Peralta (en Bernal Casasola e Ribera i Lacomba, 2008, pp. 497-539).

Esta vaixela de luxo caracterízase por posuír unha pasta de color alaranxada-rosada, composta por abundantes materiais non plásticos, predominando o cuarzo sobre o feldespato, feito que é testemuña do abandono dos barros calcáreos. Unhas pastas xeralmente recubertas por un engobe vermello claro alaranxado, máis próximo ao propio das producións africanas que ao da TSH altoimperial, moi poroso, fino e de compactación e brillo variables. Foron recuperadas diversas pezas propias desta produción.





O fragmento de sigillata hispánica tardía apareceu na UE 450.

UE	CANTIDADE	SIGLA
UE 450	1	D-13/223

## 2. Cerámica gris tardía (GT)

Identificáronse dous fragmentos deste tipo, un bordo (D-13/87) e un fondo (D-13/289). As cerámicas Grises Tardías son un conxunto de formas abertas con desenvolvementos formais moi variados (grandes fontes, pratos, copas e vasos) que conforman un servizo de mesa de regusto clásico. Constitúen un conxunto de imitación inspirado na TSHT gris. Presentan pastas e superficies grises e acabados por puído ou engobes negros. Son formas tardías, que se estenden dende mediados do s.IV ás décadas centrais da V (Alcorta Irastorza, 2001: 382-383).



D-13/289		
----------	--	---

Os dous fragmentos atopáronse na UE 450.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	2	D-13/87
		D-13/289

### 3. Xerras tardías

Atopouse un fragmento de xerra tardía. Dentro destas inclúense a EJ1, EJ2 e EJV cunhas características comúns: corpo ovoide, fondo plano y monoansadas. Están realizadas en pastas do grupo 6, de color ocre, micácea, fina, depurada e de estampa laminada. O seu exterior está ben afinado, homoxeneizado e a cara exterior recíbrense mediante engobes de cor vermello intenso, semibrillante. Ademais as embocaduras poden estar decoradas con fisos espatulados verticais. (Alcorta Irastorza, 2001: 295-299).

D-13/102	
----------	--

Apareceu na UE 450.

UE	CANTIDADE	SIGLA
450	1	D-13/102

#### **4. Cerámica común romana**

Atopáronse nove fragmentos de cerámica común romana. As producións cerámicas comúns mellor coñecidas e máis representativas do noroeste peninsular encóntranse na capital conventual lucense. A historia da cidade divídese en catro grandes etapas durante a Antigüidade, extrapolables a outros puntos do territorio galaico. Primeiramente, as orixes, vinculadas ó mandato de Augusto, período do que non se recuperaron apenas vestixios que permitan definila con fiabilidade. A continuación, a primeira fase, desenvolveríase ao longo do século I d. C., definida pola convivencia de elementos indíxenas e foráneos. A segunda etapa abranguería as décadas iniciais da segunda centuria ata os finais da cuarta, correspondendo ó florecemento urbanístico e material da cidade, plenamente romanos. Finalmente a terceira fase faría referencia aos momentos finais do século IV ata a caída da cidade ás mans dos suevos da que se localizaron escasos e pobres materiais. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 55).

##### A cerámica común romana da primeira centuria da era

Dentro do conxunto da cerámica realizada ó longo da primeira fase, encadrada a grandes trazos na I centuria despois de Cristo, puideron establecerse dous tipos de pasta, unha indíxena e outra influenciada polas técnicas romanas. Os barros do primeiro grupo caracterízanse por posuír tonalidades escuras, agrisadas, mouras e acastañadas, non sempre uniformes. En cambio, as pastas do segundo tipo presentan cores agrisadas claras e ocre avermellados. Non obstante, a composición mineralóxica é similar entre ambos os dous, así predominan as partículas micáceas, ás que se suman puntos brancos, negros e vermellos, diferenciándose unicamente nunha porcentaxe maior de desgrasantes cuarcíticos nas pastas influenciadas, o que lles confire maior compactación e resistencia á fractura, en oposición á fraxilidade e aspecto areento propio das indíxenas (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 57).

#### **5. Ánfora**

Temos 66 fragmentos de ánfora. A ánfora é unha especie cerámica destinada ó transporte de alimentos, tales como viños, aceites, salgaduras e outros produtos derivados do peixe, converténdose nun valioso testemuño da actividade económica e comercial do período romano.

Foron recuperados un elevado número de exemplares anfóricos. Destaca a procedencia do ámbito hispano, do sur da península, e a presenza de 8 fragmentos da forma Haltern 70.



En relación ás arxilas nas que foron realizados os exemplares, naturalmente existe gran variedade cromática e de texturas, documentándose pastas de tonalidades beige, ocre, rosada e laranxa, a meirande parte porosas.

Cinco das ánforas son posiblemente de produción africana (D-13/287;D-13/291; D-13/306 D-13/334; D-13/344) ás que se da unha cronoloxía entre os séculos III e IV d.C. Destos, a maioría están na UE 450.











UE	CANTIDADE	SIGLA
450	3	D-13/291
		D-13/306
		D-13/334
842	2	D-13/287
		D-13/344

Unha das ánforas podería ser de produción tarraconense (D-13/314) atopada na UE 440 e outras catro, de Cádiz (D-13/308; D-13/322; D-13/327; D-13/333) distribuído por diversas UEs. A grandes rasgos, dáselle unha cronoloxía de cambio de era, aínda que hai producións posteriores.

UE	CANTIDADE	SIGLA
842	2	D-13/308
		D-13/333
843	1	D-13/322
844	1	D-13/327

Parte do resto poderían ser producións hispánicas: D-13/85; D-13/280; D-13/283; D-13/284; D-13/285; D-13/286; D-13/288; D-13/292; D-13/294; D-13/295; D-13/296; D-13/298; D-13/299; D-13/301; D-13/304; D-13/305; D-13/307; D-13/310; D-13/311; D-13/312; D-13/313; D-13/315; D-13/317; D-13/329. Aparecen maioritariamente na UE 450.

En canto ás formas, identificáronse 8 fragmentos de Haltern 70, que se atopan maioritariamente na UE 450.

<p>D-13/84</p>		
<p>D-13/86</p>		
<p>D-13/279</p>		
<p>D-13/282</p>		
<p>D-13/297</p>		

D-13/300



## **BIBLIOGRAFÍA**

Bernal Casasola, D., & Ribera i Lacomba, a. (2008). *Cerámicas hispanorromanas* (Vol. I. Un estado de la cuestión). Cádiz: Universidad de Cádiz, Servicio de Publicaciones.

Bernal Casasola, D., & Ribera i Lacomba, A. (2012). *Cerámicas hispanorromanas* (Vol. II. Producciones regionales). Cádiz: Universidad de Cádiz, Servicio de Publicaciones.

Rey Castiñeira, J. (1991). *Yacimientos castreños de la vertiente atlántica: análisis de la cerámica indígena*.

Rodríguez Colmenero, A., & Alcorta Irastorza, E. (2001). *Lucus Augusti* (Vol. 2. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

<http://amphorae.icac.cat/>

## **4.4.2. Outros materiais.**

### **4.4.2.1. Material latericio e de construción.**

No Sector 2 recolléronse abundantes fragmentos de tégula, na súa maioría de pequeno tamaño e moi rodados, localizados nas seguintes UEs:

UE01: 15 fragmentos de tégula

UE440: 22 fragmentos de tégula e unha tella

UE450: 67 fragmentos de tégula

UE488: 7 fragmentos de tégula

UE496: 4 fragmentos de tégula

UE497: 3 fragmentos de tégula

Ue499: 4 fragmeentos de tégula

UE834: 11 fragmentos de tégula e unho de tella

UE840: 6 fragmentos de tégula

UE843: 2 fragmentos de tégula

UE844: 2 fragmentos de tégula e unho de tella

UE855: 4 fragmentos de tégula

### **4.4.2.2. Materiais líticos.**

Respecto aos materiais líticos, cóntase co achádego das seguintes pezas no sector 2:

UE450:

D-13/353: Moviente fragmentado de granito. Lonxitude: 4 cm. Anchura: 5,3 cm. Grosor: 5 cm.

D-13/354: Posible fragmento de moviente de muíño de man, feito en granito de gran fino. Lonxitude: 16 cm. Anchura: 5 cm. Grosor: 5 cm.

UE834:

D-13/355: Pedra de afiar fragmentada, feita en arenisca. Lonxitude: 5,5 cm.

Ancho: 5,5 cm. Grosor: 1,7 cm

D-13/356: Peso fragmentado (de tear ou de pesca). Diámetro: 10 cm. Grosor: 1,5 cm.

D-13/357: Man de morteiro. Nun momento anterior utilizouse en tarefas de molturación. Feito en granito de gran fino. Lonxitude: 21 cm. Anchura: 6 cm. Grosor: 6,3 cm

D-13/359: Muíño de granito circular. Diámetro: 34 cm. Grosor: 16 cm.

D-13/360: Muíño de granito circular. Diámetro: 36 cm. Grosor: 15 cm.

D-13/361: Muíño de granito naviforme. Lonxitude: 44 cm. Anchura: 37 cm. Grosor: 11 cm.

UE843:

D-13/358: Moviente fragmentado de granito. Lonxitude: 8 cm. Anchura: 5,5 cm. Grosor: 5,5 cm.





D-13/359

D-13/360



D-13/361



Ue834

0 10 20 cm

LÍTICOS 2 de 2

#### 4.4.2.3. Metais.

No tocante aos materiais metálicos, damos conta dos seguintes achados<sup>6</sup>:

- D-13/350, localizado na UE855: fragmento de clavo de ferro, posiblemente de cabeza cadrada.
- D-13/351, localizada na UE855: fíbula tipo longo travessao sem espira, variante b de Ferreira de Almeida/ PONTE 39b.

A peza conserva completo o travesaño e parte do arco.

O travesaño é fusiforme, engrosado nos extremos e reforzado na parte media cunha placa con liñas incisadas lonxitudinais, está decorado nos extremos cunha pequena impresión circular. Ten 7,5 cm de lonxitude e 1 cm de diámetro nos extremos.

O arco é de sección triangular rebaixada e ten unha profunda incisión lonxitudinal na parte superior, a cabeza do arco é un aro circular cerrado que encaixa no entrante do travesaño (característica que a define como a variante B do tipo).

Está feita de bronce e ten unha adhesión de ferro nun extremo, non se pode apreciar o material do eixo interno do travesaño que xeralmente é de madeira ou ferro.

#### CARACTERIZACIÓN DO TIPO

A fíbula de longo travessao sem espira é un dos modelos definidos en Galicia nos inicios da investigación, tódolos autores os individualizan e identifican como uns dos máis característicos da cultura castrexa na fase plena de desenrolo.

Morfoloxicamente caracterízanse polo deseño semicircular do arco e o travesaño macizo en T, xunto cun pé alto con apéndice caudal. O arco pode ser de perfil semicircular e sección subtriangular que presenta xeralmente, un

---

<sup>6</sup> Agradecemos a Mar Cortegoso Comesaña su estudio de la pieza D-13/351.



surco lonxitudinal que pode levar decoración aplicada, a cabeza do arco encaixase nun travesaño fusiforme de sección circular formado por dúas pezas subcilíndricas macizas, na variante B (a que nos ocupa), estes extremos están unidos entre eles mediante unha barra ou placa de onde sae a agulla de sección circular (na variante A de Ferreira de Almeida e de Ponte, estas pezas subcilíndricas son independentes e existe una peza intermedia que é a que as une). O pé é alto cun apéndice caudal rematado xeralmente por un botón troncocónico. Os eixos usados no interior do travesaño poden ser de ferro ou madeira.

O seu proceso de fabricación combina as técnicas de forxa e a fundición en molde.

Igualmente estas fíbulas teñen afinidades estilísticas e decorativas con outros exemplos de xoias castrexas do NW, sobre todo con remates de torques nas formas dos remates do apéndice e coas incrustacións de fíos de prata documentados nalgúns exemplares procedentes de castros galegos e portugueses<sup>7</sup>.

As fíbulas do tipo Ponte 39b ou Longo Travessao sem Espira variante B, localízanse en todo o territorio galego e norte de Portugal, tamén rexístrase puntualmente, algún exemplar na submeseta norte peninsular<sup>8</sup>

Polo tanto, trátase dunha produción localizada cronolóxicamente entre os séculos II a.C. e o século I d.C, e ,xeográficamente, é moi característica da cultura castrexa cunha concentración moi expresiva neste territorio.

- D-13/352, localizada na UE499: agulla de fíbula.Lonxitude: 5 cm. Diámetro: 3,4 mm.

---

<sup>7</sup> Estas fíbulas con decoración aplicada documéntanse nos castros de Borneiro, Baroña, e as Citánias de Sanfins e Briteiros.

<sup>8</sup> Os xacementos con *fíbulas de Longo Travessao sem Espira, variante B*, son, por exemplo: os castros de Castromao, Borneiro, Baroña, Peneda do Viso, A Graña, Forca, Punta do Castro, Castro de a Lanzada, Elviña, Cameixa, Trega, Vigo, Fazouro, Meirás, Formigueiros, Castro de Vilela e Castro de Viladonga. No resto da Península Ibérica aparecen no Alfar Vacceo de Carralaceña, en Valladolid; e en Portugal aparecen nos xacementos de Outeiro de Mouros (Chaves), Castro de Avelas (Bragança), Castro de Briteiros e de Sabroso (Guimarães) e Castro de Guifões (Matosinhos).

## BIBLIOGRAFÍA

Coelho Ferreira da Silva, A. 1986. *A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal*. Cámara Municipal e Paços de Ferreira. Museo Arqueolóxico da Citanía de Sanfins.

Cortegoso Comesaña, M. 1999. *Las fíbulas de los Castros Gallegos: primera aproximación a través de la bibliografía*. Trabajo de investigación de Tercer Ciclo. Inédito. Facultad de Xeografía e Historia. Universidad de Santiago de Compostela.

-2000. Tipología de las fíbulas de los castros gallegos a través de los ejemplares publicados. *Gallaecia*, 19: 125-141. Sada. Ed. Do Castro.

Fariña Busto, F. 1979. As fíbulas de Longo Travessao sem espira nos castros galegos. *Boletín Auriense*, 9: 27-49. Ourense.

Ponte, M<sup>a</sup> de la S. Da. 2006. *Corpus Signorum das Fibulas Proto-históricas e Romanas de Portugal*. Coimbra.

### **4.4.2.4. Vidro.**

No sector 2, na UE450, localizouse un fondo plano con moldura curva perimetral (D-13/349) correspondente a unha pequena xarra de vidro de adscripción galaico romana. Diámetro: 4,4 cm.

### **4.5.2.5. Escouras.**

Recolléronse así mesmo dous fragmentos de escouras de ferro, localizadas nas UE's 497 y 842.



D-13/351



D-13/352

## METALES



D-13/349

## VIDRIO

## 5. Tapado das zonas de escavación.

Rematados os traballos de escavación, procedeuse ao tapado do sector 2 mediante a seguinte metodoloxía:

- Protección con xeotextil e area das zonas máis fráxiles das estruturas localizadas ou consolidadas nesta campaña.
- Cubrición con xeotextil das mesmas.
- Cubrición con plástico da superficie de traballo do sector.
- Nas vindeiras semanas está prevista a cubrición total do do sector intervido cunha capa de area. Dita tarefa será feita baixo control arqueolóxico.



Protección con xeotextil e area das zonas máis fráxiles das estruturas localizadas ou consolidadas nesta campaña



Protección dos buratos de poste e fosas localizados no sector 2 con xeotextil e area



Cubrición con xeotextil das estruturas localizadas ou consolidadas





Cubrición con plástico da superficie de traballo do sector



Tapado final da zona escavada

## 6. Conclusións.

Os traballos arqueolóxicos realizados nos Castros de O Neixón na campaña do ano 2013 ofrecen as seguintes conclusións:

- Os traballos de escavación levados a cabo han permitido precisar a existencia dun novo forno, de probable atribución galaico romana. Nos seus restos apóiase outro forno, xa documentado na campaña de 2012.
- Xunto a eles, con unha cronoloxía relativa máis antiga debido a súa relación estratigráfica respecto aos fornos, documéntase a aparición dos restos dunha cabana de planta oval e notables dimensións. A escavación do seu espazo interno non amosa indicios de ocupación, polo que, a modo de hipótese de traballo, cabe considerar que puido cumprir funcións de lugar de almacenamento.
- Cercano a ditos restos apareceron os restos dun nivel de pavimento, existente de xeito fragmentario en distintas zonas do sector. Dito nivel servíu de base para a construción do parapeto defensivo do lado E do Castro Grande, datable en época galaico romana a xulgar pola existencia de fragmentos de tégula formando parte dos seus materiais constitutivos.
- Rompendo dito pavimento documentouse unha interfaz de destrución na cal aparece escavada unha tumba de laxes, xunto a indicios de outra, aínda non escavada. A tipoloxía de ditos restos fai pensar en un enterramento de época tardía, aunque encadrable no período galaico romano, dada a súa posición estratigráfica baixo o nivel de recheo que cubre todo o sector.
- Respecto aos materiais, a maioría das cerámicas localizadas no sector 2 confirman o carácter revolto das UE's nas que se atoparon. Os materiais máis antigos, correspondentes ao Ferro I, localizaronse nunha foxa (UE844), mentras que o resto das UE's presentan unha mestura de materiais do Ferro II-Cambio de era. A UE450 concentra a presenza de materiais de época baixo romana. Estes produtos de importación indican un uso do espazo intervido nesta campaña ata máis alá do século V da nosa era.
- No relativo aos traballos de consolidación de estruturas, remarcar que despois de tres campañas consecutivas, existen no sector un número de elementos tratados suficiente para facer posible no futuro a exposición dos mesmos, formando un conxunto homoxéneo e demostrativo da actividade realizada ao longo dos séculos nesta zona do Castro Grande.
- Paralelamente, no foxo dianteiro do castro, os traballos de limpeza de depósitos contemporáneos e o seu valeirado superficial permiten na actualidade apreciar de xeito significativo a monumentalidade do mesmo, dada a súa anchura.

- Finalmente, destacar o interese arqueolóxico da zona NE do Castro Grande. A maior potencia do terreo nesta zona e o motivo polo cal algúns dos restos documentados na campaña do ano 2013 posúen o maior alzado de todas as estruturas ata o momento descubertas no castro. A continuación dos traballos de escavación cara ao lado interno da muralla N posúe a maior importancia á hora de conquistar unha mellor caracterización do xacemento, á vez que aumentaría o valor expositivo do conxunto.

Santiago, 13 de decembro de 2013

Asdo: Ramón Fábregas Valcarce

Investigador Responsable

GEPN-USC

Andrés Bonilla Rodríguez

PyA Arqueólogos S.L.P.



## **PLANOS**